

ESTREA EN NUMAX: 15.04.2016 | V.O.S.E. | +16

Mon roi (2015, 125')

Dirección: Maïwenn Le Besco

Guión: Etienne Comar, Maïwenn Le Besco

Reperto: Vincent Cassel, Emmanuelle Bercot, Louis Garrel, Isild Le Besco, Chrystèle Saint Louis Augustin, Patrick Raynal, Yann Goven, Paul Hamy, Djemel Barek, Slim El Hedli

Montaxe: Simon Jacquet

Dirección de arte: Antoine Wattel

Son: Nicolas Provost

Música: Stephen Warbeck

Fotografía: Claire Mathon

Produtora: France 2 Cinéma (Francia)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

FILMOGRAFÍA

Polisse, 2011

El baile de las actrices, 2009

Pardonnez-moi, 2006

PREMIOS

Cannes 2015 (mellor actriz –

Emmanuelle Bercot–),

Cesar 2015 (8 nominacións).

SINOPSE

A historia segue a Tony, que está ingresada nun centro de rehabilitación despois dunha grave caída esquiando. Dependente do persoal médico e os analxésicos, toma o tempo necesario para lembrar unha axitada historia con Georgio. Por que se quixeron? Quen é realmente o home ao que amaba? Como foi quen de se someter a unha paixón tan abafante como destrutiva?

«Un drama romántico moi vivo e quintaesencialmente francés. Resulta un pracer pasar o tempo na compañía destes personaxes»

Leslie Felperin
THE HOLLYWOOD REPORTER



MEU AMOR

[Maiwenn Le Besco, 2015]

Entrevista con Maiwenn Le Besco

Por Nicolas Colle

Meu amor segue a evolución dunha muller nun centro de rehabilitación que rememora a paixón que a conduciu ao abismo. De onde viu ese impulso por construír un drama romántico a partir dun flashback?

Meu amor debera ter sido a miña primeira longametraxe. Escribín unha primeira versión do guión hai dez anos, mais naquela altura non me sentía segura de abondo para a pór en escena. Coidaba que os filmes de amor, como os de guerra, debían ser realizados por cineastas cunha experiencia máis importante cá miña naquel momento. Pasaron dez anos e varios filmes e de súpeto sentínme con forzas. Porén, faltábame aínda un elemento narrativo que me permitise consolidar este romance. Lendo un texto arredor das mancaduras de xeonllo sentín de socato que podía acadar resonancia nunha devastadora historia de amor. Daquela veume á cabeza esta muller que se tenta reconstruír psíquica e moralmente logo de se desgarrar os ligamentos nun accidente de esquí. Trátase dunha mancadura que non se repara xamais, ao contrario cá ruptura dunha perna; por tanto a loita reside en aprender a camiñar a pesar desa bágoa incurábel. Vin aí unha fermosa metáfora para a historia desta muller que emerxe esnaquizada logo dunha historia de amor, que debe erguerse para poder avanzar. Comprendín que este aspecto dramático faría fortalecer o guión.

Como foi o traballo dos actores para acadar tal veracidade e naturalidade?

Eu nunca lles obrigo a que reciten o texto literalmente. Prefiro deixalos libres seguindo o ritmo dos seus sentimentos. E se acado o mellor deles pode que se deba a que lles ofrezco un personaxe preciso, un suxeito que funciona de espello da súa propia vida e resulta, por tanto, xusto para cada un deles. Este é o caso de Vincent. El pediume, por razóns persoais, interpretar o papel de Georgio.

Precisamente o personaxe de Georgio muda a cada volta, amósase por veces sedutor e atractivo, e noutras perigoso e mesmo desprezábel.

Como chegas a este personaxe? Os personaxes máis perigosos son, ao tempo, os máis sedutores. Son tamén aos que queremos entregar o noso corpo, corazón e alma. Georgio fai todo o posíbel por ter a Tony e, unha vez que a ten, deixa de coidar dela. Esa é unha característica esencial dos sedutores. En todo caso deixo aberta a porta á interpretación. El ten efectivamente un comportamento que risca a perversión narcisista e, ao tempo, é coma un neno.

Desde o punto de vista da textura visual, *Meu amor* constitúe o teu filme máis fermoso. De onde vén esta vontade por conferir ás túas imaxes unha cor e mesmo unha poesía que non atopamos nos teus traballos precedentes?

Funme convertendo pouco a pouco nunha cineasta máis esixente. Nos meus tres primeiros filmes debo confesar que non tiña ideas precisas arredor da dirección artística, os decorados, a maquillaxe ou o encadre. A miña única obsesión eran os actores. Ao ver estes filmes de novo comprométinme a traballar máis nestoutros aspectos. Para *Meu amor* revisei pormenorizadamente cada apartado, sen deixar por iso o traballo cos actores. Deste xeito o que fixen foi aumentar a miña responsabilidade no proxecto. A escolla dos decorados foi particularmente longa. Tiven numerosas discusións co meu equipo arredor do decorado, o peiteado, a maquillaxe e mesmo cos operadores e o director de fotografía. A rodaxe foi a miúdo tensa, mais trátase do mesmo equipo co que traballo desde o meu debut. Non deixei pasar nin un só detalle neste filme porque sabía exactamente o que quería (...) O que eu quería sobre todo era que o filme estivese asolagado dun gran romanticismo, de aí o meu traballo na precisión do encadre e o coidado da luz e a música. A referencia que quería transmitir ao meu compositor musical era *La delgada línea roja* de Terrence Malick, o rei do lirismo.

Extraída de: <http://www.cinechronicle.com/2015/10/entretien-avec-maiwenn-autour-de-mon-roi-99105/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org